

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

Aprobación segunda Oferta de Empleo Público Extraordinaria do Concello de Miño para o exercicio de 2025

Polo presente anuncio ponse en coñecemento público que a Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 19.03.2025, adoptou, entre outros, acordo co seguinte tenor literal:

“(…)

Primeiro.- Aprobar o documento denominado “*Instrumento de planificación plurianual para a redución da temporalidade no emprego público do concello de Miño no marco do artigo 20. Apartado dous.4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023*”, que se acompaña como Anexo á presente proposta, e, en concreto, as medidas que para a redución da temporalidade no emprego público do concello de Miño se inclúen no mesmo:

“Primeiro.- *Taxa de reposición de efectivos para a redución da temporalidade*

Autorizar, conforme ao recollido no artigo 20. Apartado dous. 4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, con carácter extraordinario, unha taxa de reposición específica do 100 por 100 para dar cobertura aos seguintes postos de traballo:

Persoal funcionario:

Praza	Código Posto	Grupo/Subgrupo	Nivel CD	Taxa de reposición
Operario/a de obras e servizos	3109	AP	14	100%
Operario/a de obras e servizos	3109	AP	14	
Arquitecto/a*	3002	A1	28	
Traballador/a social	4003	A2	20	
Técnico/a de administración xeral	1001	A1	26	

**Posto a tempo parcial: 70 por 100 da xornada completa*

Segundo.- *Oferta de emprego público*

Procede que polo concello de Miño, se lle de tramite e aprobación no presente exercicio de 2025 a unha Oferta de emprego público extraordinaria onde se articule a taxa de reposición específica sinalada no punto anterior (documento que se acompaña ao presente instrumento).

Terceiro.- *Execución da Oferta de emprego público*

Procede que polo concello de Miño, se lle de trámite e aprobación ás correspondentes convocatorias en execución da Oferta de emprego público sinalada no punto anterior con arranxo ao seguinte calendario e previsión plurianual:

Persoal funcionario:

Praza	Código Posto	Previsión calendario convocatoria
Operario/a de obras e servizos	3109	Primeiro trimestre 2025
Operario/a de obras e servizos	3109	Segundo semestre 2025
Arquitecto/a	3002	Segundo semestre 2025
Traballador/a social	4003	Segundo semestre 2025
Técnico/a de administración xeral	1001	Segundo semestre 2026

**Posto a tempo parcial: 70 por 100 da xornada completa”*

Segundo.- Aprobamos a segunda Oferta de Emprego Público Extraordinaria do concello de Miño para o exercicio 2025: redución da temporalidade no marco do artigo 20. Apartado dous.4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, co seguinte contido:

- Vacantes reservadas a persoal funcionario de carreira:

Denominación	Dot.	Situación	Grupo/ Subgrupo	Nivel	Escala/Corpo	Subescala/ categoría
Operario/a de obras e servizos	1	1 Vacante (Interinidade)	AP	14	Administración Especial	Servizos especiais
Operario/a de obras e servizos	1	1 Vacante (Interinidade)	AP	14	Administración Especial	Servizos especiais
Arquitecto/a*	1	1 Vacante (Interinidade)	A1	28	Administración Especial	Técnica
Traballador/a social	1	1 Vacante (Interinidade)	A2	20	Administración Especial	Técnica
Técnico/a de administración xeral	1	1 Vacante (Interinidade)	A1	26	Administración Xeral	Técnica

*Posto a tempo parcial: 70 por 100 da xornada completa”

Terceiro.- Publicar a segunda Oferta de Emprego Público Extraordinaria do concello de Miño para o exercicio 2025 no taboleiro de anuncios da Corporación e no Boletín oficial da provincia para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto.- Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado aos efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local”.

O que se fai público para xeral coñecemento e interposición dos recursos que, de ser o caso, as persoas interesadas consideren oportunos.

Miño, 19 de marzo de 2025

O alcalde,

Manuel Vázquez Faraldo

2025/1800